

XUNTANZA COA CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL

As organizacións sindicais reclamamos a aplicación íntegra do Acordo de Funcionarios ao persoal laboral, o recoñecemento da condición de bombeiros/as forestais para todo o SPIF a efectos da xubilación anticipada e a cobertura do 100 % das prazas.

Tras solicitalo conxuntamente as **tres organizacións sindicais**, o pasado venres mantivemos unha xuntanza coa **Conselleira do Medio Rural**, na que tamén participaron o **Director Xeral de Defensa do Monte**, a **Secretaría Xeral** da Consellería e o **Subdirector de Extinción**.

Na reunión trasladamos unha serie de cuestións prioritarias que afectan directamente ás **condicións laborais, retributivas e organizativas do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPIF)**.

1. Aplicación do Acordo de Funcionarios ao persoal laboral

As tres OOS **esiximos a apertura inmediata dunha mesa de negociación específica para abordar a aplicación íntegra do Acordo de Persoal Funcionario ao persoal laboral**.

A situación actual resulta claramente discriminatoria: o persoal laboral está a realizar quendas e horarios equiparables aos establecidos no Acordo —incluíndo traballo en domingos e festivos— sen percibir as correspondentes **compensacións económicas nas mesmas condicións**.

Cómpre lembrar que a Disposición Adicional Única do Acordo de Persoal Funcionario, asinado no ano 2024, recolle expresamente o compromiso de iniciar negociacións para adaptar as condicións específicas de traballo ao réxime xurídico do persoal discontinuo do SPIF.

Unha vez cumprido o período de nove meses de actividade pactado no ano 2024, entendemos que non existen máis dilacións xustificables. **É o momento de abrir formalmente a negociación e garantir tanto a aplicación efectiva do acordo como o aboamento do traballo realizado en domingos e festivos**.

2. Recoñecemento da condición de bombeiros/as forestais a efectos da xubilación anticipada

O pasado 10 de outubro de 2025, nunha xuntanza conxunta con Medio Rural e Función Pública, **expuxemos a necesidade de que o ámbito de aplicación da norma sobre coeficientes redutores inclúa o conxunto de escalas, categorías e especialidades que prestan servizos no SPIF** -Emisoristas, Vixilantes, Persoal Técnico e resto de colectivos integrados no dispositivo-.

Noutras comunidades autónomas estes colectivos xa están recoñecidos como parte do ámbito profesional de bombeiro/a forestal, polo que a súa exclusión en Galicia carece de xustificación obxectiva.

Naquela reunión a Administración comprometeuse a solicitar un informe aos servizos xurídicos e a convocar unha nova xuntanza para analizar as conclusións. Segundo se nos trasladou a semana pasada, o **informe sería desfavorable**; porén, a **Administración negouse a facilitar copia do documento, impedindo así a súa análise, contraste e debate**.

Na xuntanza coa Conselleira **solicitamos novamente acceso ao informe** e reiteramos a nosa demanda: o **recoñecemento da condición de bombeiros/as forestais, a efectos de xubilación anticipada mediante a aplicación de coeficientes redutores, debe estenderse a todas as escalas, especialidades e categorías** que

integran o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais, e non limitarse exclusivamente ao persoal recollido no acordo de bombeiros forestais do ano 2017.

3. Cobertura do 100% das prazas do SPIF

As tres organizacións sindicais insistimos na necesidade de **garantir a cobertura do cen por cen das prazas do SPIF**. Non é asumible que se acumulen vacantes ao longo do ano e se pretenda resolver a súa provisión en plena campaña de alto risco.

A cobertura debe realizarse de forma planificada e continua, no momento en que se produce a necesidade, garantindo así a estabilidade organizativa e a seguridade do dispositivo.

Non obstante, manifestamos a nosa disposición a procurar, neste ano, un consenso nas datas de cobertura -comisións, adscricións e chamamentos- tendo en conta a posible incidencia das eleccións e adxudicacións de postos derivadas das listas complementarias dos procesos extraordinarios vinculados á Lei 20/2021.

4. Solicitud de xuntanza da Comisión de seguimento do Acordo

Solicitamos igualmente a **convocatoria urxente da Comisión de Seguimento do Acordo das condicións de traballo do persoal funcionario do SPIF** para abordar cuestións pendentes, entre elas os posibles **erros no pagamento das horas extraordinarias** correspondentes ao ano 2025.

Así mesmo, consideramos imprescindible analizar as causas que provocaron incumprimentos do acordo no relativo ás prolongacións de xornada fóra de nivel 2 ou superiores ás 12 horas, co fin de evitar que estas situacións volvan repetirse.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2026

CCOO

CSIF

UGT